

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE PROXECTOS MUSICAIS PARA GRAN ENSEMBLE DE BRASS E PERCUSIÓN (I e II)

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, do 29 de Outubro)

CURSO 2024/25

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN												
DISCIPLINA: PROXECTOS MUSICAIS PARA GRAN ENSEMBLE DE BRASS E PERCUSIÓN (I e II)												
ESPECIALIDADE CARÁCTER DEPARTAMENTO	INTERPRETACIÓN				ITINERARIO				TROMPETA, TROMPA, TROMBÓN, TUBA, PERCUSIÓN E JAZZ			
	OPTATIVA				TIPO DE CLASE				COLECTIVA			
	VENTO METAL				XEFE/A DE DPTO.				GONZALO SÁNCHEZ GARCÍA			
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso				COORDINADOR/A DADISCIPLINA				
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	HORAS DE CLASE SEMANAIS			
ECTS/CUAD.					3	3	3	3	OBSERVACIONES			
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB				TITORÍA			
	JAVIER MONTEAGUDO MAÑAS				j.monteagudo@edu.xunta.gal				Venres 10h - 11h			

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas e expresivas a través da práctica da formación de grandes ensembles de metais e percusión. Desenvolvemento de ferramentas innovadoras para un bo desempeño na saída ó mundo laboral performativo. Experimentación con outras disciplinas artísticas no marco das artes escénicas e audiovisuais. Creación dun gran proxecto artístico-escénico que inclúa a participación de varias disciplinas artísticas, correntes estéticas e diversidade de estilos musicais. Confluencia do alumnado de itinerarios diferentes e dispares da especialidade de Interpretación, como os instrumentos de metal e percusión e o Jazz, para o beneficio mutuo. Posta en escena e presentación en público dos espectáculos creados e traballados.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso ós estudos superiores, así coma os adquiridos nos anos previos nas materias de instrumento individual, música de cámara, agrupacións orquestrais e de banda, harmonía, análise, historia, etc.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	O carácter práctico estará centrado no desenvolvemento das capacidades interpretativas e artísticas. Así mesmo, a parte teórica porá o punto de mira na elaboración de novos contidos que axuden na formación do alumando co repertorio interpretado, a procura activa de novas demandas do público, así coma a mellora na consecución dos obxectivos propostos a través dunha planificación eficiente e efectiva.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T4, T6, T7, T8, T9, T10, T12, T13, T14, T15, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X5, X7, X8, X10, X11, X12, X13, X14, X16, X17, X21, X23, X24, X25, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI3, EI6, EI8, EI9, EI10

Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de Outubro

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Desenvolver habilidades para o bo desempeño artístico en grandes agrupacións, neste caso específicas para os metais e a percusión con director.	T1, T3, T6, T7, T8, T9, T10, X1, X2, X3, X8, X10, X11, X12, X13, X23, X24, E11, E12, E13, E16, E18, E19
2. Poñer en práctica a experimentación de ideas innovadoras no ámbito escénico, musical e artístico. Traballar cun grupo de alumno e alumnas de diferentes itinerarios, asemade Interpretación e Jazz. Poñer en práctica o aproveitamento na utilización de novas ferramentas tecnolóxicas e audiovisuais que permitan a exploración de novos recursos do artista en contextos diversos. Consultar con compositores actuais para propoñer a creación de novo repertorio para grandes agrupacións de <i>Brass Band</i> .	T1, T3, T6, T7, T8, T9, T10, X1, X2, X3, X8, X10, X11, X12, X13, X23, X24, E11, E12, E13, E16, E18, E19
3. Planificar, elaborar e desenvolver as capacidades necesarias para a produción e xestión de proxectos, os cales faciliten a consecución de obxectivos artísticos dentro dun colectivo. Así mesmo, e dado que as grandes <i>Brass Band</i> teñen un repertorio e unha característica complexa e pouco frecuente no noso contexto cultural, o modelo que se propoñe encaixa perfectamente nun centro de ensinos superiores artísticos musicais. Ademais, este proxecto preténdese presentar fora do propio recinto académico, facilitando ao alumnado a vivencia de interpretar noutros escenarios, ambientes e contextos máis pretos ao resto da sociedade.	T4, T14, T15, X14, X16, E18, E110

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
Elaboración de proxectos artístico-musicais	1. Investigación por parte do alumnado sobre as actuais demandas artísticas da sociedade e a posible creación de novas demandas, dentro do ámbito da interpretación artística e musical.	1
	2. Elaboración dun proxecto conxunto, concreto e ben definido que permita presentar ó público un produto que reúna as seguintes características: madurez interpretativa, innovación artística e flexibilidade sobre a participación e figura do artista na sociedade actual.	1
Práctica grupal e audicións	1. Práctica musical de repertorio para ensemble de metal e percusión, tanto orixinal como adaptacións ou outros materiais arranxados.	8
	2. Posta en escena do proxecto finalmente definido.	4
	3. Traballo conxunto con outras artes escénicas e con compositores implicados na estrea de pezas de nova creación.	2
TOTAL SESIÓNS:		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introdutorias.	3	-	3
Exposición práctico-teórica.	3	-	3
Práctica grupal.	30	-	30
Reflexión, consenso e toma de decisións interpretativas en conxuntos grandes, favorecendo a participación de todo o alumnado.	6	38	44
Investigación sobre as actuais demandas artísticas da sociedade.	-	4	4
Presentación dos proxectos: Concerto/audición/exposición pública.	6	-	6
TOTAL HORAS:			90



6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Avaliación continua durante os ensaios e concertos	Memorización e asimilación dos contidos referidos nesta programación. Participación de forma activa en clase, valorando propostas para a solución dos problemas técnicos e musicais que se atopen.	Todas	40%
Probas individuais ou colectivas	Estudo das partituras seleccionadas para interpretar. Os ensaios xerais e os concertos terán a consideración de exames finais.	Todas	30%
Asistencia presencial	Observación sistemática individual e control da asistencia. Esta é obrigatoria a todas as actividades (ensaios e concertos). Só se poderá faltar a un 10% dos ensaios ordinarios. Os concertos e os ensaios xerais son de asistencia obrigada e inescusable, dada a súa consideración como exames finais, e non poden computar dentro dese 10%. Unha falta de puntualidade computarase como media falta de asistencia.	Todas	30%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media.			
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Traballo sobre un tema relacionado co instrumento na agrupación ou calquera tema relacionado coa materia, cun mínimo de 15 páxinas. Deberá consensuarse co profesor.	Asimilación dos contidos referidos nesta programación.	Todas	20%
Exame teórico-práctico sobre os contidos.	Estudo dos fragmentos das partituras seleccionadas. Tocar en ensemble de metal e percusión as obras traballadas no curso. O alumno ou alumna deberá aportar dito ensemble.	Todas	40%
Proba de lectura a primeira vista.	Interpretación dunha peza ou dun fragmento aportado polo profesor.	Todas	10%
Asistencia presencial.	Observación sistemática individual e control da asistencia. Esta é obrigatoria a todas as actividades (ensaios e concertos). Só se poderá faltar a un 10% dos ensaios ordinarios aos que cada alumno sexa convocado. Os concertos e os ensaios xerais son de asistencia obrigada e inescusable, dada a súa consideración como exames finais, e non poden computar dentro dese 10%. Unha falta de puntualidade computarase como media falta de asistencia.	Todas	30%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media. O computo das faltas abrangue desde o comezo do curso ata a convocatoria do exame de decembro.			
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA CON 2 FALTAS SEN XUSTIFICAR OU MÁIS)			

Traballo sobre un tema relacionado co instrumento na agrupación ou calquera tema relacionado coa materia, cun mínimo de 15 páxinas. Deberá consensuarse co profesor.	Asimilación dos contidos referidos nesta programación.	Todas	25%
Proba de lectura a primeira vista.	Interpretación dunha peza ou dun fragmento aportado polo profesor.	Todas	15%
Exame teórico-práctico sobre os contidos	Estudo dos fragmentos das partituras seleccionadas. Tocar en ensemble de metal e percusión as obras traballadas no curso. O alumno ou alumna deberá aportar dito ensemble.	Todas	60%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media.			

6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

Traballo sobre un tema relacionado co instrumento na agrupación ou calquera tema relacionado coa materia, cun mínimo de 15 páxinas. Deberá consensuarse co profesor.	Asimilación dos contidos referidos nesta programación.	Todas	25%
Proba de lectura a primeira vista.	Interpretación dunha peza ou dun fragmento aportado polo profesor.	Todas	15%
Exame teórico-práctico sobre os contidos.	Estudo dos fragmentos das partituras seleccionadas. Tocar en ensemble de metal e percusión as obras traballadas no curso. O alumno ou alumna deberá aportar dito ensemble.	Todas	60%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media.			

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Como medida ordinaria de atención á diversidade, o profesorado pode adaptar os materiais empregados para traballar os contidos dentro da aula e mesmo a secuenciación de contidos, acelerándoa ou ralentizándoa puntualmente para adaptala ó ritmo de aprendizaxe do alumnado. Considérase medida ordinaria posto que a fin de curso se terían impartido todos os contidos contemplados dentro do tempo contemplado na programación.</p> <p>Por outra banda, e como medida extraordinaria, poderían adaptarse os contidos, previo informe do equipo de orientación específico da consellería, respectando sempre o esencial dos obxectivos fixados para cada curso.</p>	<p>No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e para garantir os devanditos principios de igualdade de oportunidades, de non discriminación e de compensación de desvantaxes, as probas de avaliación ás que este alumnado se presente ó longo do curso serán adaptadas en tempo e forma, sempre e cando esta necesidade estea recoñecida oficialmente e seguindo as especificacións marcadas polo equipo de orientación específico da consellería en cada caso.</p>

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

<ul style="list-style-type: none"> ● AAVV: <i>120 Hymns for Brass Band</i> ● Curnow, J.: <i>Exercises for Brass Band</i> ● Laban, R.: <i>El dominio del movimiento</i> ● Thompson, W.: <i>Soundpainting, the art of live composition</i>
--

9. OBSERVACIÓNS XENERAIS

<ul style="list-style-type: none"> ● O titulado superior en música, na especialidade de interpretación, deberá ser un profesional cualificado cun dominio completo das técnicas de interpretación do instrumento e o seu repertorio, e se é o caso, de instrumentos complementarios. ● Deberá estar preparado para exercer unha labor interpretativa de alto nivel de acordo coas características da súa modalidade e especialización, tanto no papel de solista coma formando parte dun conxunto, así como, se é o caso, na súa condición de intérprete acompañante de música e de danza. Deberá coñecer as características técnicas e acústicas do seu instrumento, aprofundando no seu desenvolvemento histórico. ● Deberá ter formación para o exercicio da análise e do pensamento musical, e dispoñer dunha sólida formación metodolóxica e humanística que lle axude na tarefa de investigación afín ao exercicio da súa profesión. <p>As Matrículas de honra outorgaranse mediante un exame común entre o alumnado proposto, e a súa asignación será decidida polo profesor/ra da materia</p>



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



C S M
CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DA CORUÑA